

V TROFEO ENTIDAD LOCAL MENOR DE BEMBRIVE DE CICLISMO INFANTIL

Responsable da Xestión do Protocolo por parte da organización:

Nome: **María José Prado Villar**, con DNI: **36XXXX22P** e teléfono **627352558**.

EVALUACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2 (en base ó documento do Ministerio de Sanidade “Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto de nova normalidade por COVID-19 en España de data 16 de setembro de 2020”)

- O evento celébrase en Bembrive – Concello de Vigo, cualificada como zona de nivel de restricción **baixa**.
- Celébrase íntegramente ó aire libre.
- O evento está situado no centro urbano de Bembrive.
- O control de aforo realízase por dúas entradas sinalizadas para participantes, técnicos e auxiliares. A organización accederá ó evento por un lugar distinto e só habilitado para ese fin.
- A área aproximada que abarca é de **8.000 m²**, onde se distribúen as diferentes áreas ou zonas delimitadas e controis de acceso.
- A participación estimada é de **250** deportistas, distribuídas en **12** categorías diferentes e acompañados por **3** persoas cada equipo, sendo a totalidade estimada entre deportistas, técnicos e organización de **400** persoas.
- Os deportistas das categorías **Promesas, Principiantes, Alevín e Infantis accederán sen test de antixenos ou PCR negativos**.
- Os deportistas das categorías **Cadete e Junior accederán con certificado de test antixenos ou PCR negativo**.
- O evento celébrase desde as 15:00 horas ás 20:30 horas
- Manterase a distancia de seguridade interpersoal de 1.5 mts.
- Os participantes van desde os 3 anos ata os 18 anos, sendo o rango de idade de maior participación de 12-16 anos
- Os deportistas proveñen das catro provincias galegas. No caso de participantes doutras comunidades autónomas comunicar con idéntica antelación as autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia SEXAN RESIDENTES EN GALICIA OU NON, QUE PROVEÑAN OU ESTIVERAN NOS ÚLTIMOS CATORCE DÍAS EN TERRITORIOS DE ALTA INCIDENCIA EPIDEMIOLÓXICA POR COVID-19, DEBEN TER EN

CONTA SE TEÑEN A OBRIGA DE REXISTRARSE A TRAVÉS DE <https://www.sergas.es/Saude-publica/benvinda-viaxeirxs>.

A valoración do nivel de risco é baixa

Para minimizar o risco de contaxio, a proba seguirá de forma estrita o “Protocolo de actuación para a volta da actividade ciclista fronte a COVID-19” da Federación Galega de Ciclismo e este **“Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO V TROFEO ENTIDAD LOCAL MENOR DE BEMBRIVE DE CICLISMO INFANTIL”, de data 20/06/2021**”. Ambos documentos serán de obrigado cumprimento por parte de todas as persoas que forman parte da proba (staff, organización, participantes, medios de comunicación, etc...).

MEDIDAS ESPECÍFICAS A TOMAR PARA A CONTENCIÓN DE AFORO Ó EVENTO

Para a contención do aforo ó evento tomaranse as seguintes medidas:

- O evento NON conta con público, só accederán ó circuío as persoas que formen parte da proba. Todas as persoas que accedan ó recinto da competición terán que estar previamente rexistradas on line.
- Só se permitiran **3** técnicos, monitores ou responsable de club (coa debida autorización do seu equipo) por equipo como asistentes dos ciclistas. Non se permite o acceso de acompañantes o recinto do evento. O acceso ó recinto debe facerse acompañado por un técnico, auxiliar do equipo (con licencia de director deportivo/monitor/auxiliar en vigor) ou responsable de clube, debidamente acreditado e previamente rexistrado conforme o presente protocolo).
- O evento desenvolverase en xornada de **tarde**, en diferentes competicións con tempo suficiente para o desaloxo das categorías que participan en cada unha delas.
- Os deportistas que rematen a súa competición deberán abandonar o recinto inmediatamente ó rematar a competición, a excepción dos corredores que deben presentarse na cerimonia de premiación, se non fose posible porque o seu equipo aínda debe disputar máis carreiras, deberán permanecer nas zonas delimitadas e sempre mantendo a distancia social.
- Os medios de comunicación acreditados poderán estar representados por un máximo de **5** persoas en total.
- Contarase cun total de 25 persoas para o control das zonas de acceso e bo desenvolvemento do evento.
- Persoal de apoio por parte da Policía local de Vigo e Protección Civil do Concello de Vigo.
- Medios sanitarios, **2** Ambulancias e Médico.

MEDIDAS A TOMAR DE CORTES E CONTROL NO RECINTO ONDE SE DESENVOLVE A COMPETICIÓN.

O recinto da proba atópase ó aire libre en Bembrive - Vigo. O recinto da proba divídese en 7 zonas diferenciadas: Zona Equipos, Zona Organización, Oficina Permanente, Circuito, Zona Chamada Ximkana, Zona Chamada Estrada e Zona Trofeos, todas elas pechadas n2o seu perímetro para poder controlar os respectivos accesos.

ZONA EQUIPOS

A zona de equipos está situada nun aparcamento na Rúa Espedra, pechado ó uso público dende as **14:00h** horas ás **20:30h** horas do día **20/06/2021**, con acceso pola Estrada de Bembrive, non estando permitido pernoctar na mesma. A partir das 16:30 horas ou unha vez completo, péchase este aparcamento e deberase acudir ao aparcamento habilitado por detrás da sede da Entidade Local Menor, no Camiño Cemiterio. Os accesos ó aparcamento estará controlado por un peche e só estará habilitado para participantes, auxiliares, técnicos e responsables de clube.

O control constará de:

- a. Comprobación dos datos do vehículo para o que o equipo solicitou autorización.
- b. Comprobación da preinscripción na proba dos ocupantes do vehículo.
- c. Toma de temperatura a todos os participantes antes de formar as grellas (+37,5 activar protocolo Sergas chamar ó 900400116).
- d. Limpeza e desinfección de mans.
- e. Unha vez comprobada toda a documentación e a mesma sexa correcta, procederase a:
 - i. Entrega de pulseiras que se terán que poñer inmediatamente antes do acceso, segundo a súa cor permitiralles o acceso a diferentes zonas do recinto.
 - ii. Entrega de acreditación para o vehículo.
 - iii. Indicar o lugar onde estacionar e montar o seu stand.

Cada equipo terá unha zona onde situará o seu vehículo (máximo de **1**) e carpa (máximo de **1 medidas 3x3**). Entre a zona dun equipo e outro haberá unha separación mínima de 3 mts. libres.

Dentro da zona de Equipos:

- Non haberá duchas
- Non haberá punto de limpeza de bicicletas común.
- Distribuídos pola zona varios puntos con xel hidroalcohólico.

ZONA ORGANIZACIÓN

A zona para a organización estará situada diante do Centro Cultural Helios-Bembrive. O acceso estará controlado por persoal da organización. Só permitirase o acceso ós vehículos e persoas previamente acreditados pola Organización.

Permítese acceso a:

- Personal técnico de montaxe e control da proba
- Persoal médico.
- Persoal de seguridade.
- Personal federativo e xuíces-árbitros
- Autoridades
- Medios

Realizarase:

- Toma de Temperatura a todo o persoal (+37,5 de febre ou síntomas compatibles coa COVID-19, activar protocolo Sergas chamar ó 900400116).
- Desinfección de mans

Entregarase:

- Distintivo correspondente (chaleco ou pulseira)
- Una acreditación para o vehículo

OFICINA PERMANENTE

Situarse na Alameda de Bembrive, na rúa **Estrada de Bembrive**, cunha entrada e unha saída diferenciadas. O acceso será exclusivo para a oficina permanente. Na devandita oficina permanente só se permitirá un representante dun equipo simultaneamente, non permitindo a entrada a outro ata que o anterior abandone dita oficina. A confirmación de inscrición e recollida de dorsal realizaraa unha persoa por club preferentemente o director deportivo, monitor ou en defecto a o responsable de clube.

Comprobación dos certificados de test PCR ou de antíxenos negativos nos casos necesarios

Reunión de directores:

Soamente se realizará ó aire libre ou en espazos ventilados e un representante por cada club se fose necesario e imprescindible por causas de forza maior de última hora.

Antes do acceso á devandita oficina haberá un punto con xel hidroalcohólico e se colocaran carteis coa normativa de uso da máscara obrigatoria e a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros e desinfección de mans.

CIRCUITO:

O circuito ten unha lonxitude de 1900 mts, situándose a meta e saída na **Rúa Igrexa**.

O circuito pecharase ó tráfico ás 16:00h, só se permite a entrada ó circuito a todo deportista que porte o seu dorsal, tanto para recoñecer o circuito como para a súa manga de competición.

Haberá unha cuña por megafonía lembrando a distancia interpersoal de 1,5 mts, o uso obrigatorio da máscara, o cumprimento dos protocolos da proba.

PROGRAMA DE COMPETICIÓN E FORMATO

A grella de saída dispoñerase na Rúa Igrexa, deixando unha separación lateral de 1,5 mts entre cada ciclista e unha distancia entre o corredor de adiante co de atrás de 2 mts.

HORARIOS E MANGAS

- APERTURA CIRCUITO CATEGORÍA ALEVÍN ÁS 16:45 - RECOÑECEMENTO DE CIRCUITO CON MASCARA

1ª MANGA: 17:00 h CON máscara: Competición Alevíns Masculino e Alevíns Femenino.

- Duas voltas ó circuito. Distancia Total 3,800 kms.
- Saída primeiro para Alevín Masculino, 1 minuto despois saída Alevín Femenino
- Ceremonia de premiación e desaloxo

- APERTURA CIRCUITO CATEGORÍA INFANTIL ÁS 17:20 - RECOÑECEMENTO DE CIRCUITO CON MASCARA

2ª MANGA: 17:30h CON máscara: Competición Infantís Masculino e Infantís Femenino.

- Sete voltas ó circuito. Distancia Total 11,2 kms.
- Saída primeiro para Infantil masculino, 1 minuto despois saída Infantil Femenino
- Ceremonia de premiación e desaloxo

- APERTURA CIRCUITO CATEGORÍA CADETE ÁS 18:00 - RECOÑECEMENTO DE CIRCUITO CON MASCARA

3ª MANGA: 18:10h CON TEST: Competición Cadetes Masculino e Cadetes Femenino.

- Catorce Voltas ó circuito. Distancia Total 26,6 kms.
- Retiran máscara 30 segundos antes da saída.
- Saída primeiro para Cadete Masculino, 1 minuto despois saída Cadete Femenino
- Ceremonia de premiación e desaloxo.

- APERTURA CIRCUITO CATEGORÍA JUNIOR ÁS 18:50 - RECOÑECIMIENTO DE CIRCUITO CON MASCARA

4ª MANGA: 19:00h CON TEST: Competición Junior Masculino e Junior Femenino.

- Dezaioito Voltas ó circuito. Distancia Total 34,2 kms.
- Retiran máscara 30 segundos antes da saída.
- Saída primeiro para Junior Masculino, 1 minuto despois saída Junior Femenino
- Ceremonia de premiación e desaloxo.

20:00h FIN DA PROBA

IMPORTANTE

ENTRARASE 5 MINUTOS ANTES DO RECOÑECIMIENTO DO CIRCUITO NA ZONA DE SAÍDA

O RECOÑECIMIENTO DO CIRCUITO SERÁ SEMPRE CON MÁSCARA

O CIRCUITO DESALOXARASE POLA RÚA ESTRADA BEMBRIVE

XINCANA: Competición sin máscara. Inicio competición co inicio da proba de Infantís.

A ximkana realizarase no circuito do Centro Cultural, estando ó carón de dita zona, a de chamadas para ximkana (3).

A organización establece que a participación se fará conxuntamente por tódolos ciclistas de cada club, determinando previo sorteo a orde de chamada de clubs. Unha vez pechadas as inscricións, e dese xeito se podan saber cantos participantes ten cada club, publicarase, nas Redes Sociais do Club Ciclista Vigués, as quendas de participación con horario aproximado no que o club se ten que presentar na zona de chamadas para ximkana, seguindo estes pasos:

- Entrarán na zona de chamada (3) acompañados por un técnico/monitor (con licencia en vigor) ou responsable de Clube.
- Dende a zona de chamada, persoal da organización os trasladará ó circuito de ximkana.
- Cada ciclista que remate a súa participación pasará a zona de saída da ximkana que estará debidamente sinalizada. (8)
- Ó rematar tódolos ciclistas do club, o persoal da organización trasladará ós participantes ata o exterior do recinto.
- Se algún ciclista non tivera técnico ou monitor fará o mesmo recorrido acompañado por persoal da organización.



O circuito estará aberto dende as 16:00h para o recoñecemento, facéndose igualmente por clubs para evitar o contacto entre participantes. Para axilizar, e dar oportunidade a tódolos ciclistas de practicar, o máximo de voltas serán de 2 por participante cando haxa ciclistas á espera. A organización xestionará as quendas de adestramento.

ANTES, DURANTE E DESPOIS DA COMPETICIÓN

ANTES DA COMPETICIÓN

- Os deportistas só poderán acceder a zona para o recoñecemento do circuito e a disputa da súa proba. En ningún caso, está permitido asistir como público a disputa doutras competicións.
- Os deportistas terán que portar a máscara para acceder ó circuítu.
- Durante os adestramentos non poderán retirarse as máscaras.

DURANTE A COMPETICIÓN

- Toma de temperatura a todos os participantes antes de formar as grellas (+37,5 ou síntomas compatibles coa COVID-19 activar Protocolo Sergas chamar ó 900 400 116 e iniciar o establecido no apartado COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID19 deste protocolo.
- Distancia de seguridade en toda a formación de grella.

- Os participantes das categorías Cadetes, Junior, con TEST, manteranse con máscara e separación de 1,5 metros antes da saída, quitándolla 30" antes de dar a saída.
- Os participantes Promesas e Principiantes, deben portar a mascarilla ata 15" antes da súa saída para a ximkana. As saídas terán un intervalo mínimo de 1 minuto
- Os participantes das categorías Alevín e Infantil deben portar a máscara durante toda a competición e cando precisen baixala, é obrigatorio parar a descansar nunha zona segura do circuito. No caso de que un participante dispute a competición coa máscara baixada ou sen ela, será descalificado da proba.
- O persoal auxiliar e técnico só poderá permanecer no circuito nas zonas habilitadas, antes do acceso á mesma deberán desinfectar as mans no punto de xel hidroalcohólico que poñerá a disposición a organización. E sempre con máscara.

DESPOIS DA COMPETICIÓN

- Todo corredor que pase a liña de meta poñerase a máscara, a organización entregará unha nova a cada deportista, e inmediatamente despois dirixiranse á zona de equipos pola zona habilitada para o devandito fin.
- Non haberá zona de duchas nin vestiarios.
- Non poderá haber cantina nin zonas de comida e bebida por parte da organización.
- Todos os deportistas dende o fin da súa proba terán que abandonar o recinto da proba, senón fóra posible deberá permanecer na zona asignada do seu equipo.
- Todo deportista, auxiliar, técnico que non cumpra estas normas, prohibiráselle estar automaticamente na zona da proba.

CERIMONIA DE PREMIACIÓN

- A cerimonia de premiación realizarase inmediatamente ó termo de cada competición, desviando ós deportistas que lles corresponda cara á zona de pódium e solicitando por megafonía o acceso dun responsable do club para acompañalo, mantendo a distancia de seguridade e usando máscara.
- Obrigatorio o uso de máscara, distancia de seguridade e puntos de limpeza e desinfección de mans.
- Habilitaranse zonas de podio con espazos diferenciados para corredores, organización e autoridades.
- Os trofeos e medallas os recollerá o deportista do sitio que lle indique a organización do evento.
- Só se permitirá que asista o deportista premiado e o responsable do club durante o acto de entrega de premios.
- Non se poderá retirar a máscara en ningún momento mesmo para a foto final que terá que ser con máscara e distancia de seguridade de 1,5m.

Todo persoal de Organización, Médicos, Seguridade, Asistentes, Media, etc. así como o persoal de equipos deberán portar a máscara en todo momento en todas as zonas do evento.

REXISTROS DE ACCESO Ó CIRCUITO

Na páxina da Federación Galega de Ciclismo:

- Inscripción de Deportistas
- Inscripción de Técnicos e Árbitros (so federados)
- Formulario Vehículos e Carpas
https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdOtf2_MrBTieApTJwH9lvWeq6AeoS6tKCyz_O8y4yJjXURGQ/viewform
- Formulario Autorizados por Club
https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSfCMePGGnMGL1rIIZsie5Q_cG2hzlUxi27opfpoXgmczIFgtQ/viewform
- Formulario Medios de Comunicación
https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLScH9PX_iXCgqxt4_YF6v4zicGlwuupmsnhgwf-dKckGK9i6Tw/viewform

OBRIGATORIEDADE PARA TODO O PERSOAL REXISTRADO DE CUBRIR O FORMULARIO DE TRAZABILIDADE NA ZONA PRIVADA WEB DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO (ACTIVASE 3 DÍAS ANTES DA DATA DE CELEBRACIÓN DO EVENTO, ANTES DESA DATA NON SE PODERÁ REALIZAR ESTE PROCEDEMENTO)

RESUMO FINAL: Test Antíxenos (Cadetes e Junior), ausencia de público xeral, máscara obrigatoria, distancia interpersoal de 1,5 m, evitar ou contacto físico, limpeza e desinfección de mans, evitar aglomeracións, toma de temperatura e realización de todos os actos ó aire libre.

PLANOS DO EVENTO

Plano xeral da proba



Plano Circuito



Aparcadoiros Clubs





Plano ximkana

